

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

ÁREA RE-CREATIVA

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O monstro da lagoa de Ventoxo

Un grupo de excursionistas que participaba nun roteiro alertou da presenza dunha aterrecedora criatura nas augas da canteira abandonada

© Calros Solla



Convidado pola asociación socio-cultural O Can de San Roque de Soutelo de Montes, aceptei de bo grao para o día 9 de novembro o guiado dun roteiro mitolóxico que nos levaría pola Serra da Muller e a necrópole megalítica da Pena da Cruz, con remate no illó medicinal da fonte da Porreta; albos situados nos montes das localidades forcareiasas de Ventoxo e Acivedo. O itinerario de regreso obrigábanos a transitar polas inmediacións da canteira abandonada de Ventoxo.

Co propósito de me documentar con fundamento verbo de cada unha das estacións do percorrido, entre outras fontes consulte as hemerotecas dixitais, atopando sen dificultade unha reportaxe publicada hai uns anos na prensa local co titular “O paraíso prohibido de Ventoxo”. O artigo informaba e ao tempo advertía dos perigos da inactiva, asolagada e misteriosa mina de cuarzo. Lin con interese o contido que, a seguir e resumido, reproduzo a xeito de preámbulo contextualizador:

“A parroquia de Ventoxo (Forcarei) agocha un paraíso artificial que convén non frecuentar moito ... A valgada que deixou tras de si o abandono da antiga canteira local de cuarzo foise reenchendo pouco e pouco coas augas dun regato próximo ... Unha lagoa que nalgunhas zonas chega a atinxir os setenta metros de profundidade e que ofrece unha paisaxe tan perigosa coma interesante ... Foi nos anos setenta cando comezou a extracción de cuarcita nestes terreos ... Pese ao valado que corta o camiño de acceso, de cando en vez cóase algún veciño con ganas de aventura, algún explorador intrépido ou algún fotógrafo ... Dende a comunidade de montes de Ventoxo e dende o Concello de Forcarei recoméndanlles exhaustivamente aos curiosos non o facer...

Na parroquia forcareiasa de Ventoxo contan co seu propio lago de augas turquesas (por mor da sílice en disolución), un paraíso prohibido non só pola toxicidade destas augas senón tamén pola imposibilidade

de acceder a elas ... O risco que supón esta barranca para calquera curioso inexperto ou aventureiro apaixonado pola natureza, así como para os animais que poidan achegarse, motivou hai xa tempo que tanto o Concello de Forcarei coma os propios comuneiros de Ventoxo recomendasen evitar acercarse a unhas paredes de rocha case vertical des onde pode ser doado esfragarse...”.

Atracción irreprimíbel irradia o prohibido! Ás primeiras horas da tarde do domingo 9 de novembro de 2025, de retorno á localidade de Soutelo de Montes –meta do roteiro mitolóxico–, unha ducia de entre o cento de participantes na actividade abandonamos pola nosa conta e risco a ruta establecida e fixemos paraxe no bordo do cavorco da lagoa de Ventoxo, tamén coñecida por lagoa de Malvar ou lago Agromán. Malia as interdicións, ver e meter o dedo na chaga acabaron por domear a prudencia.

Apelando ao lema “Prohibido prohibir”, cuñado nos revoltosos anos 60, o fato de destemidos camiñantes pousamos fronte á cavoza para recrearmos a vista co espectáculo das augas azuis. A calma daquel mar interior engaiolounos e, sen dúbida, infundiou en moitos de nós unha certa inqueda ou receo.

Transcorreran uns quince minutos de mudo aglaio e introspectivo, cando, de súpeto, recibín unha cotobelada da muller que tiña ao meu carón. A mesma muller pediunos a berros que virásemos axiña a vista cara ao recuncho sur da lagoa. Prométolles, en plenas facultades cognitivas, que todos os presentes fomos testemuñas quedas do emerxer dunha violenta sucesión de grandes burbullas, como se a auga contida naquela carricova rompese a ferver. O que presenciámos a continuación xeounos o sangue: por entre os gurgullóns pularon destorcéndose dous ou tres tentáculos enormes ateigados de ventosas. Un dos raxos adheriuse á parede da cárcava, provocando o desprendemento dalgúns cachotes. Das ventosas emerxidas, as meirandes tiñan o tamaño dunha pandeireta. Trazando as analoxías a posteriori, os que atestamos o prodixio cremos firmemente que aqueles brazos eran dun polbo (*Octopus vulgaris*); un polbo xigante, enténdase. Non lle demos tempo a asomar a cachucha toda; optamos instintivamente por poñer terra entremedias. De non nos escapulir á présa, a besta teríanos pasado polo dente (ou polo bico). Secasí, os ollos regalados do buzaco impídenme dende aquelas conciliar o sono.

Catapultados polo rauto da supervivencia, arredámonos atropeladamente do lugar. Houbo tropezóns e caídas; tamén, auxilio solidario. Atravesamos ás toas a estrada nacional, por fortuna deserta. Coido que ningún de nós ousou botar a vista atrás. Encomendándonos ás pernas, chegamos ao pavillón de Soutelo nun tris, ampeando, mais dándolles alcance aos últimos excursionistas.

Inconscientemente, os escolleitos pola revelación sentamos xuntos á mesa. Durante o xantar, a media voz, revivimos o lance unha e outra vez, mentres dabamos boa conta dunha potaxe de garavanzos, arroz con cogomelos, queique e mais filloas (todo moi saboroso). Porén, á altura dos cafés, conviñemos en que era indispensable relatarlles a extraordinaria experiencia aos organizadores da andaina e, xaora, ás autoridades,

para que, sen máis demora, puxesen sobre aviso á poboación –a aldea de Ventoxo localízase a escasos 500 m de distancia do fatídico escenario–. A comunidade científica tamén tiña que ser informada. Así o fixemos.

Das moitas hipóteses xurdidas nas horas posteriores á aparición, a que semella máis plausíbel é a seguinte:

Nunha das sabidas vagas de lume, un helicóptero de extinción que actuaba na comarca veu cargar auga á lagoa de Ventoxo. Presúmese que o helicóptero tiña colaborado previamente nas tarefas de extinción doutro incendio, desatado perto do litoral. É indiscutíbel que nesa primeira intervención a aeronave se debeu prover de auga de mar en repetidas ocasións.

Xa coas hélices pairando a canteira de Ventoxo e iniciadas as manobras de enchedura, ao afundir o cazo (bambi) na laga turquesa, un polbo –ou lura– que denantes fora atrapado na ría e que viñera apegado ás paredes do balde, desprendeuse e procurou tobo nas profundidades, trocando definitivamente o seu hábitat mariño polo lacustre.

Por mor da proverbial capacidade de adaptación desta especie, o molusco prosperou sen atranco naqueles abismos silíceos. Constátase pois que, alén das troitas, ras e sacabeiras e mais as preas da fauna afogada, o resaibo químico da auga empozada de Ventoxo resulta óptimo chorume para a medra dos cefalópodos.

O mesmo día 9, contra a tardiña, soubemos que a anomalía xa se viña percibindo, ao parecer, dende había uns meses. As novas testemuñas afirmaron que, conforme as súas observacións, sempre cadrando coa lúa chea, se oían provenientes de cara á lagoa choupadas e esborrecos, provocando que os cans se desfixesen en ladros. Sen máis pescudas, apúxoselles o balbordo ás mandas de xabaris ou á denoiteira. Nesas mesmas datas tamén se notou no rueiro a falta dalgunha ave de curral, culpando do feitío o raposo ou a donicela.

Dende a mañá do día 10, varias patrullas da Benemérita custodian a contorna do goio, disuadindo os centos de curiosos que, pauselfi na man, devecen por fotografarse coa criatura.

O martes 11 de novembro, o pedáneo de Forcarei, interrogado en concorrida rolda de prensa, recoñeceu que unha das solucións propostas polos técnicos era a de sepultar a poza e o seu espantoso morador baixo toneladas de terra e pedras e que, considerando factíbel o ditame, xa se puxeran en contacto coa antiga concesionaria da escavación e mais cunha empresa especializada no control de pragas.

Os colectivos animalistas manifestaron o seu rexeitamento á aterrapienaxe, así como á súa cubrición cunha cúpula en forma de paxareira, arranxo suxerido polo sindicato de hostaleiros. Sempre alerta, a hostalaría local non tardou en vislumbrar o chope afundido na canteira.

Espallada a noticia, o “monstro da lagoa de Ventoxo” abriu informativos, ocupou as portadas de todos os xornais e viralizouse nas redes sociais. converténdose. da noite para a mañá. nun problema de seguridade

pública e, asemade, nun irrefreábel atractivo turístico. No canto de Nessie –o célebre leviatán escocés–, a rapazada de Soutelo propuxo chamalo Messi.

Os veciños de Ventoxo, temendo as consecuencias de ter abelloado o diabo e coñecendo o carácter irresoluto das administracións, organizaron días despois unha rogativa a san Nicolau, padroeiro da aldea.

En procesión solemne e temerosa, á que se uniron xentes das parroquias dos arredores, o pobo dirixiuse a noite do sábado 15 de novembro –co santo na andia– até a beira do precipicio. Os procesionantes portamos candeas e fachucos de palla acesos, e unha galiña expiatoria que chimpamos ao piago ennegrecido coa esperanza de aplacar a ira (e a fame) do que nunca debeu ser incomodado.

Deus nos aparte ou, como se di na comarca: “Que non sexa nada e, se é algo, que sexa de ghoma, pra que non coma”.